

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO ENTRE A COMUNIDADE XITANA EN GALICIA, ENMARCADAS NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade formalizou con data 30 de maio de 2024 o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Secretariado Xitano para contribuír a mellorar a atención ás mulleres xitanas que sofren violencia de xénero en Galicia e sensibilizar e promover relacións igualitarias entre homes e mulleres da comunidade xitana.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Fundación Secretariado Xitano é unha entidade sen ánimo de lucro que presta servizos para o desenvolvemento da comunidade xitana en España e Europa, e ten como finalidade a promoción integral da comunidade xitana desde a atención á diversidade cultural; orienta o seu traballo na mellora do acceso das persoas xitanas aos dereitos, servizos e recursos sociais en igualdade de condicións co resto dos e das cidadás/ns, realiza accións dirixidas a mellorar as condicións de vida das persoas xitanas e a potenciar o recoñecemento, o apoio e o desenvolvemento da súa identidade cultural; leva a cabo actividades nas áreas de emprego, inclusión social, educación, saúde e igualdade de xénero, entre outras, e realiza ademais un importante traballo de sensibilización e incidencia social para mellorar a imaxe social das persoas xitanas.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio coa Fundación Secretariado Xitano



para o financiamento dun un programa integral de apoio ás mulleres xitanas que sofren violencia de xénero, nas condicións establecidas no presente convenio, en concreto a levar a cabo as seguintes actuacións:

1. Realizar Itinerarios personalizados de atención e apoio a mulleres xitanas vítimas de violencia de xénero.
2. Accións de sensibilización sobre igualdade de xénero dirixidas a mulleres e homes xitanos, principalmente mozos, sobre igualdade de xénero, feminismo, relacións igualitarias, conciliación, violencia de xénero, recursos para mulleres, bo uso da internet e redes sociais, etc.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás mulleres xitanas que sofren violencia de xénero e as e os menores que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, unha atención especializada e integral.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que a Fundación Secretariado Xitano pola súa dimensión e capacidade de chegar a un importantísimo número de mulleres xitanas de Galicia, e pola súa experiencia e coñecemento das mulleres xitanas e a especialización das e dos profesionais coas/os que colabora no campo da igualdade e a loita contra a violencia de xénero reúne as condicións para o desenvolvemento dun programa de atención e apoio a mulleres xitanas vítimas de violencia de xénero e de sensibilización sobre igualdade de xénero.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

